



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 16/05/2014

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas e trinta minutos do dezaseis de maio de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Ramón Santos Vázquez
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D. Manuel Soto Pérez, a Sra. Rodríguez Ordoñez excusa a súa asistencia por motivos persoais.
D. José Manuel Pérez Trillo.

Secretaria accidental: D.^a Ivanna Vidal Domínguez, en virtude de Resolución da Alcaldía 387, de 14 de abril de 2014.

Interventora: D.^a Gema Leal Insua

O Sr. Alcalde explica que este pleno convócase de xeito extraordinario dado que o prazo para presentar as solicitudes para incluír as obras no programa "Unha Deputación para todos os Concellos, DTC-93" da Deputación da Coruña remata o 19 de maio ás 14:00 h e por non ter lugar sesión ordinaria do Pleno con anterioridade a esta data e di que aproveitan tamén para poñer no pleno un punto relativo a un proxecto do goberno de eliminar os xulgados comarcais e máis os xulgados de paz nos concellos.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Acordo, que proceda, sobre proposta da Alcaldía en relación á supresión dos Partidos Xudiciais.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura da parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, do día 13 de maio de 2014, que dí o seguinte:

"Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Servizos e Asuntos Xerais, por unanimidade, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento da proposta de supresión dos partidos xudiciais.

Que na futura planta xudicial do territorio galego se teñan en conta os criterios relacionados directamente coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de

comunicación e esforzo inversor realizado pola Xunta de Galiza á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais que a día de hoxe existen nas provincias galegas."

O Sr. Alcalde explica que esta proposta xurdiu tras unha convocatoria aos alcaldes da Costa da Morte feita polo alcalde de Corcubión, onde radica a sede do Xulgado, máis o alcalde de Carballo que é outra sede tamén, máis a alcaldesa de Muros que é outra sede do Xulgado comarcal, ante a preocupación de que a nova Lei suprima todos os xulgados comarcais quedando polo tanto os xulgados nas capitais de provincia. Segue dicindo que ademáis a nova Lei prevé a supresión de todos os xulgados de paz excepto os que son concellos de cabeceira de comarca, e dí para que para facerse unha idea nesta zona quedaría só Corcubión, como xulgado de paz. Segue dicindo que nesa reunión estivo presente o decano do Colexio Oficial de Abogados da Coruña, que pediu que promoveran un pronunciamento do Pleno neste sentido e que por parte do alcalde de Carballo propúxoselles este acordo porque foi ao que chegaron entre todas as forzas políticas en consenso en Carballo e tamén na Deputación da Coruña. Sinala que estaban alcaldes de todas as cores políticas da Costa da Morte; segue dicindo que cree que é un asunto de moita importancia xa que non se trata dun servizo público que se recorta senón que se trata dun pilar democrático fundamental onde xunto coa decisión de impoñer taxas para os recursos o que se vai conseguir é que a xente que non teña recursos non se poida beneficiar da xustiza, o cal si introduce moitísimas máis desigualdades, dí que é unha xustiza para ricos e manifesta que se a partir de agora, se esto vai a adiante teríamos que ir á Coruña por un simple xuízo de faltas ou por un simple xuízo ao respecto dun lindeiro, o cal é unha barbaridade, sen entrar xa a valorar as consecuencias económicas dos sectores económicos e dos mesmos profesionais e todos os que vivan entorno a iso; e dí que por iso na Comisión se adoptou por unanimidade.

O Sr. alcalde dálle a palabra aos portavoces:

O portavoz do PSdeG-PSOE, O Sr. Miñones, manifesta que lles parece unha auténtica aberración o que pretende facer o Sr. Gallardon e dí que espera que a modifique e que dende logo, como dí o Sr. alcalde, ter que ir á Coruña ou Carballo por unha fe de vida e que os xulgados de paz desaparecezan... E di que están totalmente de acordo coa proposta dos alcaldes da comarca e mostra o seu apoio.

A portavoz de IxV, a Sra. Rodríguez Ordoñez en primeiro lugar xustifica que o seu compañeiro por motivos persoais non puido chegar a esta primeira sesión e con respecto a este punto sinala manifestar totalmente o apoio de IxV e dí que non están de acordo coa modificación e manifesta o apoio ao pleno para que isto non continue para adiante.


O portavoz do Partido Popular, o Sr. Amado dí que están totalmente de acordo sobre este punto.

O concelleiro non adscrito, o Sr. Rodríguez Blanco manifesta que neste caso tamén apoian a moción.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, ACORDA :

Trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento da proposta de supresión dos partidos xudiciais.

Que na futura planta xudicial do territorio galego se teñan en conta os criterios relacionados directamente coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de comunicación e esforzo inversor realizado pola Xunta de Galiza á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais que a día de hoxe existen nas provincias galegas.



Concello de Vimianzo

2. Acordo, que proceda, sobre aprobación dos proxectos de obras e solicitude de inclusión deste Concello no Plan "DTC-93. Unha Deputación para todos os concellos"

A secretaria accidental, de orde do Sr. Alcalde, da lectura á parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostenibilidade, do día 13 de maio de 2014, que dí o seguinte: "(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor (BNG), ningún voto en contra e tres abstencións (PSOE, IxV e o concelleiro non adscrito), ditaminase favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Participar no "Plan DTC 93: unha Deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

| Denominación | Orzamento total | Achega municipal | Achega provincial |
|--|-------------------|------------------|-------------------|
| Reparación e mellora de camiños rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Serramo | 33.000,00 | 0 | 33.000,00 |
| -Reparación de vías rurais municipais nas parroquias de Tines, Treos e Serramo | 39.726,45 | 0 | 39.726,45 |
| Reparación de vías rurais municipais nas parroquias de Berdoias, Cereixo e Carnés | 35.786,27 | 0 | 35.786,27 |
| Obras de reparación de beirarúas e repavimentación na rúa Tedín | 146.834,49 | 0 | 146.834,49 |
| TOTAL | 255.347,21 | 0 | 255.347,21 |

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

SEGUNDO.- Aprobar o plan complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos das obras:

| Denominación | Orzamento |
|--|------------------|
| Melloras na contorna do cemiterio de Carnés e acondicionamento de espazo público das Cabazas | 32.397,75 |
| TOTAL | 32.397,75 |

TERCEIRO.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución das obras.


CUARTO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

QUINTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde manifesta que neste plan da Deputación cuxo prazo de solicitude remata o luns ás dúas da tarde e cuxa documentación non se vai enviar en papel senón que vai ser en formato dixital por internet, asígnanselle ao concello de Vimianzo uns fondos totales de 250.347,21 euros; segue dicindo que a verdade é que á hora de definir as obras que se van a incluír e incorporar sempre que se fai unha proposta pode haber outra proposta, porque o concello é moi grande e hai moitas necesidades que cubrir pero que o importante é ir facendo pouco a pouco e polo menos aquelas que son máis sentidas e procurar repartir un pouco, distribuír os cartos en función dos territorios das diferentes parroquias que é o que pretenden con esta proposta. Continua dicindo que nesta proposta a obra que leva máis investimento, concretamente o 57,5 %, é a mellora da rúa Tedín, e sinala que cren que a rúa máis antiga de Vimianzo, na idea de humanizar a vila deben por en valor porque é tamén unha rúa que transita moita xente, que ten moitos habitantes e unha serie de peculiaridades que hai que abordar. Segue explicando que a actuación ten que ver precisamente coa proposta que facía o grupo de Independentes por Vimianzo a través dunha moción que debatiron no último pleno ordinario e que entre todos acordaron impulsar e que o Sr. Alcalde agradeceu naquel momento esa proposta e que esa proposta está incluída e consiste básicamente na mellora de beirarúas, indica que se van por beirarúas para que a xente poida andar con seguridade e que non os atrepele un coche, tamén que se poñerá unha beirarrúa principal, xa que a rúa é estreita, solucións puntuais a problemas derivados de escorrentías e recollida das augas pluviais. O Sr. Alcalde manifesta que non pode ser como no inverno pasado que se convirta nun río, porque teñen a recollida das augas pluviais que veñen da zona máis montañosa do concello, concretamente de San Bartolo, tamén indica que hai outro tipo de decisións que teñen que ver con repavimentar e adornar e poñer dun xeito máis actual esa rúa; prosigue dicindo que evidentemente outras actuacións ten habido en Vimianzo e se van a executar e que cren que é unha proposta, que polo menos se conta co apoio dun grupo estupendo.

Continua explicando que o resto de propostas teñen que ver co arranxo das vías municipais que foron afectadas pola climatoloxía adversa que tivemos este inverno e que impide o acceso ou o tránsito por moitas delas e indica que por exemplo hai un conxunto de vías nun proxecto de "Reparación de vías rurais de Baiñas e Serramo" por un total de 33.000, que sería un 13% do orzamento, explica que aquí contemplaron unha vía en Baiñas que vai dende o lugar do Outeiro ata o embalse que contra a parte final está moi deteriorada e que é unha vía moi demandada no sentido de que dá acceso a moitas fincas e incluso tamén aos pescadores para acudir ao embalse. Segue dicindo que outra das vías que plantean, tamén na parroquia de Baiñas no lugar de Vilanova que cruza á Agra e vai ao monte, que é unha pista que está explanada pero que necesita unha actuación importante para corrixir o que son as escorrentías de augas que acaban estropeándose, polo que sinala que vai a ter unha actuación que ten que ver moito con iso. En canto a pista prevista en Serramo indica que é no lugar do lado de Vilanova, concretamente no lugar do Subeiro, nunha pista que dá tamén acceso a diferentes fincas do monte e que cando a foron visitar era un río e indica que hai que actuar para dar os servizos actuais que se necesitan.

O Sr. Alcalde sigue explicando que outra obra é a de "Reparación de vías municipais en Berdoias, Cereixo e Carnés" por un total de 35.786,27 euros, o que supón o 14 %. Sinala que aquí tamén coinciden co grupo de Independentes por Vimianzo, que tamén presentou unha moción para que se arranxara o camiño coñecido como das Custodias, que vai entre a Casanova e a zona de Caolín, e indica que se incorpora aquí, e explica que tamén van incluídas unha pista demandada polos veciños de Berdoias, que parte da principal á saída do lugar cara o dolmen e a outra é unha pista que vai cara o río e que tamén está intransitable porque cando a foron ver aquilo era unha grande escorrentía de auga. Continúa dicindo que o resto das actuacións teñen que ver con un rebacheo das pistas de concentración parcelaria de Cereixo e máis de Carnés que, polo paso do tempo coa actuación das augas teñen deterioro e fochas, e di que hai que bachear e limpar.



Concello de Vimianzo

E, indica, que o último proxecto con 39.726,45 euros, é dicir, un 16% do gasto previsto do orzamento vai na "Reparación de vías rurais municipais en Tines, Treos e Serramo", e explica que en Tines, está a pista que sae do lugar de Pazos e que sube cara o monte coñecido como Seixos Brancos, e que na actualidade da servizo a moitas fincas de forraxe e algunha forestal e que tamén por mor da climatoloxía e porque non se resolve o problema da auga, está deteriorada; prosigue dicindo que tamén no lugar de Treos, inclúen unha actuación no interior de Carnio, que é o que faltaría para que ese núcleo fose mellorado e explica que o seu pavimento está deteriorado, e dí que houbo unha actuación no ano 2010-2011, que non se lembra, en metade do núcleo e agora había unha demanda importante para que se completara; sinala que outra é unha pista que da acceso a unhas fincas de forraxe e forestais dende o lugar de Xora, paralela ao río ata a zona de Pedra Cuberta; en canto a pista que vai en Serramo explica que é unha pista que discorre por zona forestal que foi feita xa hai anos polo concello pero que está totalmente labrada e impracticable precisamente polo problema de todas elas que son as augas, na zona de Casas Novas.

Segue dicindo que estas son as propostas que se plantearon para a elaboración destes proxectos, e sinala que estas propostas non é solo pensalas, falalas cos veciños, atender esas demandas, senón que é un traballo moi importante porque, explica que os técnicos -que neste caso quixeron contar con todos os arquitectos que hai no concello de Vimianzo- para redactar, teñen unha labor importante de traballo de campo e de redacción e debido aos controis que dende o Estado se fan cara os concellos que esixen moitísima documentación e explica que de feito o propio alcalde tivo que facer unha memoria que xustifique todo isto e incluso na área de Intervención tiveron que facer un informe dicindo que son investimentos sustentables que non incurren en gastos, en desequilibrios e todo isto derivado da situación crítica que estamos a vivir. O Sr. Alcalde segue dicindo que sabe que diante desta proposta, veñenlle moitas máis para substituír e que sabe que todos os que están aquí lles ocorre como a él, e que tería moitas pero só poden presentar unhas, polo que agora presentan esta e as outras que lles veñen a cabeza xa as presentarán noutra oportunidade que teñan; segue dicindo que sexan responsables, que se lle dean para adiante, que son douscentos cincuenta e cinco mil euros, que se dí pronto, que son catro actuacións, máis unha de reserva por se hai baixas; que van a prestar un servizo aos veciños e van a xerar tamén unha dinámica económica entre as empresas do noso concello que ao final as acaben facendo. E pídelles á oposición que faga un esforzo de pensar nos intereses veciñais e que aposte para que saían adiante estas obras

A continuación, o Sr. alcalde, dalle a palabra ao portavoz do PSdeG-PSOE e o Sr. Miñones, indica que cada un ten as súas propostas e sinala que lle gusta que coincida coa que dixo a representante de IxV que é a da rúa Tedin, igual que coas outras que son necesarias, e pídelles, ao Sr. alcalde, que cando haxa algún Plan, teña en conta a pista que remata en Seixos Brancos hacia Reparada, interiores de Reparada pois indica que ten moita falta de ter unha actuación; conclúe dicindo que o PSOE non vai poñer atrancos a estas obras e que non podemos perder cerca de 300.000 euros en obras que son moi importantes por eso manifesta o seu voto a favor desta proposta.

O Sr. Alcalde agradécello.

O Sr. Alcalde dálle a palabra á portavoz de IxV, Sra. Rodríguez Ordoñez; que sinala que con respecto á explicación que fixo das obras, non van dicir que non son necesarias, xa que manifesta que loxicamente son necesarias estas e moitas máis; continua dicindo que non están en contra destas obras e agradecelle que inclúa a de Tedín como algún camiño, que foi solicitada polo seu grupo, pois os veciños o estaban pedindo e exprésalle o agradecemento por ese lado. Segue dicindo que lles gustaría que a distribución fora doutra maneira e que como lle dixo na Comisión contara con eles para poder facer outra distribución, non dí que fora peor ou mellor, e

sinala que entende que algún orzamento está moi limitado, e explica que teñen un clima, como sabemos todos, en Galicia, moi especial e moi difícil, e considera que ao mellor é un orzamento insuficiente. Segue explicando que dende IxV consideran que ao mellor debería haber outro reparto, non ir tantas obras e poder facelas con outro tipo de calidade para que o inverno que ven non se teña que estar nun novo bacheo ou o que fora. Prosigue dicindo que desde IxV non van permitir que Vimianzo e os vimianceses perdan estes douscentos cincuenta mil euros, que non van poñer atrancos, dí que son conscientes e agradecen que unha parte das obras foran as que eles pediron e cren que son necesarias esas e outras máis e tamén que esperan que todos os trámites de dispoñibilidade e demais estean para que as obras poidan ser duradeiras. Por último dille ao Sr. Alcalde, que polo ben de todos débense aplicar máis para non ter que volver a ter que repetilas nun período moi corto; e conclúe dicindo que pola súa parte, dende IxV, vanse a abster.

O Sr.alcalde, dalle a palabra ao portavoz do partido popular, Sr.Amado, que dí que non van entrar en debate sobre este punto porque saben que as obras son todas necesarias e que van a facilitar que todas se fagan e que por iso dende o PP vanse abster para que estas obras poidan ir adiante.

A continuación o Sr. Alcalde sinala que claro que lle gustaría vivir os momentos que se viviron e dispoñer de moitísimos recursos para adicar aos proxectos e facer máis marabillas, e dí que case 150.000 euros van para a obra de Tedín, e dille que a él lle gustaría moito máis porque ten na súa cabeza, como non, moitas máis cousas que se poderían facer pero os recursos son limitados e que tratan de facer con pouco, moito, e dille que tendo esa preocupación, que lle parece lexítima, e que lle agradece a todos o que acaban de expresar, pero sinala que quen determina a contía dos proxectos non son eles senón que é o técnico que as asina, que as fai, e que é certo que o goberno lle dí, se a ver se pode facer isto por tanto, e explícalles que se souberan a cantidade de propostas que lle fixeron e que houbo que retirar porque non chegaban os cartos, dirían claro pois evidentemente. Prosigue dicindo que a súa obriga é de dicirlle aos técnicos que poñan canto máis mellor e o final acaban metendo o que eles consideran e aínda a eles lles parece que gastan moitos cartos e que se podería facer máis, pero dí que son os técnicos os que redatan e acaban facendo os orzamentos. Segue dicindo que no concello de Vimianzo todas as licitacións que se fan e - dirixíndose á Sra.Rodríguez que está na mesa de contratación- sabe que hai baixas, algunhas bastante esaxeradas, baixas dun 10 dun 15 e incluso dun 20 %, o cal quere decir que tampouco están tan mal proxectados eses orzamentos. Segue dicindo que en calquera caso agradecelle a súa dispoñibilidade para poder sacar adiante todo isto e que no Concello de Vimianzo todo o que ten que ver con obras non sexa un calvario senon que sexa unha responsabilidade máis alo que cada quen ten dereito a facer as súas propostas e o goberno debe escoitalas, e di que as escoitan aínda que as veces digan que non, e dí que aos feitos se remito.

O Sr.Alcalde prosigue dicíndolle ao Sr. Miñones que ten razón ao respecto do que acaba de dicir desa pista, e explica que o único que van facer agora é a metade, que é a parte de abaixo, porque de feito se vai beneficiar xente de fora de Salto que ten fincas de forraxe por alí, por aquela zona, e dille que sí que haberá que actuar e que o van ter en conta, e que ten o seu compromiso de que o van ter en conta e se o poden facer de xeito ordinario, farano e senón incluíranos nun dos programas que vaian saíndo e dille que ten a súa palabra de que isto vai ser así .

O Sr. Rodríguez solicítalle a palabra ao Sr.alcalde e dallya, e di que eles tampouco van poñer atrancos para que se fagan estas obras, o único que quere saber é se dunha vez por todas van ser capaces de empezar as obras e acabalas, porque maniféstalle que en anteriores DTC e anteriores POS, non foi capaz de acabar unha obra, ou acaban no xulgado como a de Baiñas, a da Piroga coa tala das árbores etc... Na obra de Baiñas acabou todo no xulgado, por tanto pídelle que as obras se empecen e rematen. Tamén indica que considera que son obras importantes e a pena que non haxa máis diñeiro.



Concello de Vimianzo

O Sr. Alcalde dí que quere facer un par de matizacións e manifesta que foi unha desgraza o do accidente e que tiveron moita sorte de que a xente que tivo o accidente hoxe en día estea incorporada, estea traballando. Segue para dicir que un accidente teno calquera e que se a él lle dixeran que aquela grúa chegaría a caer, antes de velo non o cree, entón esa realidade esta ahí. Prosigue dicindo que é certo que o Centro Sociocultural de Baiñas está no xulgado, porque polo mundo hai de todo e algunhas veces hai a mala sorte de recibirse herencias que non son da súa satisfacción, e tampouco entende porque un empresario se implica politicamente, un empresario que non vive en Vimianzo, que se implica politicamente ata o punto de estar en todo tipo de estratexias de xudicializar absolutamente todo; explica que a súa intención e que cree que van conseguir, é de poñer o centro sociocultural de Baiñas en funcionamento para o verán e di que para as eleccións, cando menos, se vai a abrir. Segue dicindo que a él lle da moitísima vergonza que non esté en uso e que aquilo de pena, que está cheo de humidades e que se terá que resolver e xa verán como o resoven, están niso. Segue dicindo que respecto ao que dí da minidepuradora de Baiñas, que él saiba non está no xulgado pero se cadra, mañá. E dí que non sabe que problema ten a minidepuradora de Baiñas e que é a primeira noticia que ten. Explica que tamén a colleron a tropicos e cunhas dificultades que lles viñeron dadas, alleas ao goberno e que trataron de sacar para adiante, e que lle agradece á dirección de obra, que despois asumiu eses traballos, e foi capaz de sacala para adiante e que ten o seu agradecemento porque era unha obra que alguén intentou que non fose para adiante, e sen embargo se fixo e agradecele publicamente ás persoas que cederon parte da súa propiedade para instalar a minidepuradora porque para eles foi unha enorme sorpresa coa que se atoparon, cando chegaron alí e non había absolutamente nada asinado pero eso está rematado, e dille que están contentos e ademais probablemente completen o saneamento do Outeiro e probablemente vaia tamén para esa minidepuradora. Continúa dicindo que non sabe se se refire a alguén que están enganando, utilizando a unha persoa contándolle tonterías para que perda os cartos para que se meta en follóns e perda os cartos. E segue explicando que resulta que é certo que esa minidepuradora ten autorización de verquidos por parte de Augas de Galicia nunha zona de dominio publico de Augas de Galicia que discurre por unha finca dese señor, pero que ten todas as autorización e dí que o que non se pode e enganar a xente animándoa no bar, na taberna, dicíndolle que vaia a denunciar ao alcalde, porque ao final e metelo en follóns e supón que se referira a iso, porque algo lle chegou e parecelle unha mágoa.

O Sr. Alcalde conclúe dicindo que unha vez máis fan un esforzo importante inversor, porque noutros concellos parte destes fondos van para gasto corrente e eles puxeron todo o fondo en gastos de inversión, e dí que se quedan curtos porque teñen moitísimas máis necesidades.

Rematado o turno de intervencións, procédese a votar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por cinco votos a favor (BNG: Sr. Alcalde, Sr. Mancebo Amigo, Sra. Ramos Rey, Sr. Trillo Lema e PSdeG-PSOE: Sr. Miñones Riveiro), seis abstencións (IxV: Sra. Rodríguez Ordóñez, Sra. Hermida Tomé, PP: Sr. Amado Sambade, Sr. Santos Vázquez e non adscritos: Sr. Rodríguez Blanco e Sra. Vázquez Miñones) e ningún voto en contra, ACORDA:

PRIMEIRO.- Participar no "Plan DTC 93: unha Deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

| Denominación | Orzamento total | Achega municipal | Achega provincial |
|--|-------------------|------------------|-------------------|
| Reparación e mellora de camiños rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Serramo | 33.000,00 | 0 | 33.000,00 |
| -Reparación de vías rurais municipais nas parroquias de Tines, Treos e Serramo | 39.726,45 | 0 | 39.726,45 |
| Reparación de vías rurais municipais nas parroquias de Berdoias, Cereixo e Carnés | 35.786,27 | 0 | 35.786,27 |
| Obras de reparación de beirarúas e repavimentación na rúa Tedín | 146.834,49 | 0 | 146.834,49 |
| TOTAL | 255.347,21 | 0 | 255.347,21 |

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

SEGUNDO.- Aprobar o plan complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos das obras:

| Denominación | Orzamento |
|--|------------------|
| Melloras na contorna do cemiterio de Carnés e acondicionamento de espazo público das Cabazas | 32.397,75 |
| TOTAL | 32.397,75 |

TERCEIRO.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución das obras.

CUARTO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

QUINTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e cincuenta e nove, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o dezaseis de maio de dous mil catorce.

O alcalde

A secretaria acc.,
(R.A. n.º 387, de 14/04/2014)

